

## MANIFESTO DA CAMPAÑA PANOS BRANCOS CONTRA A DROGA DÍA INTERNACIONAL CONTRA O USO INDEBIDO E O TRÁFICO ILÍCITO DE DROGAS 2020

Hoxe, día 26 de xuño, Galicia súmase ao Día Internacional contra o consumo indebido e o tráfico ilícito de drogas instaurado pola ONU. Sociedade, goberno da Xunta de Galicia, institucións e concellos galegos, chamados a participar a través da Federación Galega de Municipios e Provincias -FEGAMP- súmanse a esta data.

En Galicia conmemoramos este día co símbolo das bandeiras brancas como aposta por unha vida saudable, unha vida limpa que enriquece ás persoas, fronte ó escuro mundo das adiccións e o tráfico de drogas. E facémolo cun recordo especial para todas as persoas que perderon ou arruinaron as súas vidas por mor da adición ás drogas. Para as vítimas e as súas familias, para os que loitan por reconstruír as súas vidas.

Neste tempo marcado pola pandemia e as súas consecuencias é necesario recordar que antes, durante e despois do coronavirus seguimos a ter importantes problemas sen resolver. Que nesta sociedade temos un problema moi grave coas drogas e outras adiccións é máis que evidente.

Vivimos malos tempos porque en moitos ámbitos asúmese como normal a inxesta de alcohol e outras drogas coma sinónimo de diversión. E nada máis lonxe da realidade. O culto ó alcohol e outras sustancias comporta graves danos para a saúde das persoas, con implicación directa en accidentes de tráfico, violencia de xénero, abusos sexuais e incluso fracaso escolar. Denunciamos, como tamén se fai tamén a nivel estatal, o incremento das adiccións sen sustancia entre menores e mocidade. O xogo e as apostas, tanto presenciales como online, avanza perigosamente e necesitamos protexer a menores e maiores. A Prevención e a Educación (na casa e na escola) son novamente a clave.

Neste día internacional, fagamos unha aposta pola saúde. Gobernos e cidadáns. En cada casa, en cada familia, en cada grupo de amigos fomentemos o deporte, a música, a cultura, o ocio e as actividades compartidas para disfrutar do verán e da vida cos cinco sentidos.

Instamos aos nosos gobernos -a todos- a poñerse a traballar de inmediato con programas e accións concretas, con políticas decididas de Prevención e Educación. A saúde e a seguridade das persoas deben ser unha prioridade.

Pola outra parte, en Galicia seguen a confluír os problemas de adicción as drogas xunto coa existencia de importantes redes criminais adicadas ó narcotráfico. No actual escenario de sobreproducción mundial, traficantes de medio mundo seguen tendo a Galicia e o resto de España na súa diana e miles de quilos seguen entrando polas nosas costas hacia Europa. Os datos non deixan lugar á dúbida: oito toneladas de cocaína decomisadas só durante a corentena; unha cifra inasumible.

Neste contexto, o rexeitamento social é un factor de suma importancia e no que Galicia -co esforzo de todos e o sufrimento de moitos- comenza a ser un referente. Atrás quedan os tempos nos que o narcotráfico contaminaba a toda a sociedade. Nesta terra sabemos desde fai moito tempo que os narcotraficantes non son heroes, nin filántropos, senon delincuentes rexeitados pola sociedade galega. Sen dúbida que temos avanzado, pero non é suficiente. Se queremos realmente mellorar as cousas, temos que ir máis adiante.

Seguemos a ollar con máxima preocupación a reiteración no delito de moitos traficantes, criminais multirreincidentes, que unha e outra vez entran e saen do cárcere aproveitando facilidades legais para seguir traficando coa morte e a ruina das persoas. E traspasando este sinistro negocio de pais a fillos, e de fillos a netos. Porque a pesar dos pesares, parece que a algúns aínda lles sae rentable. Intolerable. Un grave perigo para a nosa seguridade que non debemos nin podemos permitir.

Crime organizado, axustes de contas, branqueo de capitais, corrupción, mafias internacionais, terrorismo, morte, destrucción, sufrimento... asentanse alí donde prospera o narcotráfico. Combatir esta ameaza debe ter a máxima prioridade para todos, sociedade e gobernos.

Por todo iso, dicimos unha vez máis -alto e claro- que en Galicia non queremos drogas nin narcotraficantes.

Galicia, 26 de xuño de 2020

Día Internacional contra o Uso Indevido e o Tráfico Ilícito de Drogas

# 26 de xuño. Día Internacional contra o uso indebido e o tráfico ilícito de drogas

## Pequena historia da cooperación internacional contra as drogas

Desde principios do século XX recoñeceuse o tráfico de drogas como un problema a nivel mundial que requería dunha solución global. Así, baixo o liderazgo de Nacións Unidas desenvolveuse ao longo de distintas décadas un sistema multilateral para controlar a produción, o tráfico e o abuso de drogas a través de diversos tratados internacionais. A día de hoxe, a adherencia é case universal.

Con todo e a pesar dos grandes esforzos realizados o problema da droga segue poñendo en perigo a saúde das persoas, sobre todo de nenos e mocidade, a seguridade e o benestar das sociedades, constituíndo unha seria ameaza para a estabilidade, a seguridade e a soberanía dos estados e os seus cidadáns. Por iso o Día Internacional contra a droga (26 de xuño) celébrase desde 1987.

A Oficina das Nacións Unidas contra a Droga e o Delito (UNODC) apoia aos Estados Membros na implementación dun enfoque baseado na evidencia e na saúde, así como os dereitos humanos e o marco internacional de control de drogas acordado. Un enfoque que implica: tratamento, apoio e rehabilitación; garantir o acceso a sustancias controladas para fins médicos; desenvolver medios de vida sostibles como alternativa ao cultivo de drogas e establecer acordos internacionais.

## ¿Para qué sirven os Días Internacionais?

Dannos a oportunidade de sensibilizar ao público acerca de temas de gran importancia como os dereitos humanos, o desenvolvemento sostible ou a saúde, cuestións e desafíos que preocupan ao conxunto da humanidade. Ao mesmo tempo a colaboración dos medios de comunicación é clave para captar a atención da opinión pública e sinalar que existen importantes problemas sen resolver.

**O obxectivo é dobre: por unha banda que os gobernos tomen medidas, e por outro que os cidadáns coñezan mellor a problemática e esixan aos seus representantes que actúen.**

En xeral, multitude de persoas de todas as profesións e condicións sociais implícanse, dunha ou outra maneira, na celebración dos días internacionais. Ademais de sensibilizar, a ONU aproveita estes días para aconsellar aos Estados sobre accións para atallar os graves problemas ao redor dos que viran moitas destas datas.

# O Día Internacional contra a Droga en Galicia

## Campaña Panos Brancos contra a Droga

En Galicia temos a nosa maneira de conmemorar o Día, e facémolo desde 2005 co símbolo das bandeiras brancas como aposta por unha vida saudable; unha vida limpa que enriquece ás persoas, fronte ao escuro mundo das adiccións e o narcotráfico. Porque nesta terra sabemos desde fai anos que os narcotraficantes non son heroes nin filántropos, senon delincuentes rexeitados pola sociedade galega.

Esta campaña de sensibilización social, organizada pola FGCN en colaboración con colectivos sociais, entidades e concellos de toda Galicia converteuse desde a súa primeira edición no maior e máis contundente movemento social de rexeitamento ás drogas e o narcotráfico, contando co apoio, entre outras institucións, da FEGAMP e o Parlamento de Galicia. Os actos centrais da campaña desenvólvense de xeito itinerante, cada ano nunha cidade distinta para cadar a maior difusión da mensaxe preventiva.

Lamentablemente este ano non podemos conmemoralo do xeito habitual por mor do coronavirus. Pero, como dicía Pablo Neruda: *Poderán cortar todas as flores, pero non poderán deter a Primavera.*

**Co teu apoio imos florecer en RRSS e Internet para conmemorar a data**

***No Día Internacional contra a Droga, Comparte SAÚDE.***



<https://www.un.org/es/observances/end-drug-abuse-day>